

PROGRAMA DE ATENCIÓN A INMIGRANTES EXTRACOMUNITARIOS E EMIGRANTES RETORNADOS

1. INTERVENCIÓN SOCIAL E ASESORAMENTO XURÍDICO

Obxectivo:

- Promover a regularización e a integración sociolaboral da poboación migrante (inmigrantes e emigrantes retornados) residente en Ourense, ofertando á poboación adulta unha atención interdisciplinar nos ámbitos social, xurídico e laboral; e a poboación infantil, xóven e unidades familiares de referencia unha atención socioeducativa que facilite a súa adaptación ao sistema educativo e a súa participación social na comunidade.

Obxectivos específicos:

- Informar e asesorar á poboación inmigrante e de emigrantes retornados/as nos ámbitos social, xurídico e laboral, facilitando a súa regularización e a súa plena integración no Concello de Ourense.
- Contribuir a mellora da súa formación e empregabilidade.
- Previr o abandono temperá da escolaridade obligatoria por parte da poboación infantil e xóven e a participación social da dita poboación no seu entorno comunitario.
- Establecer canais de colaboración con outras institucións e entidades sociais que traballan no ámbito das migracións.
- Difundir as actuacións promovidas por parte das institucións competentes en materia de migracións ou por parte das entidades sociais que traballan neste ámbito.
- Informar e sensibilizar á sociedade ourensán de acollida sobre a situación da poboación migrante, para conseguir a súa plena integración desde un punto de vista bidireccional.

A través de:

- Información, asesoramento, orientación xurídica en materia de extranxeiría.
- Canalización de información respecto das axudas sociais ou a emisión de informes de arraigo social e de vivenda, en coordinación cas UNIS de zona.
- Promoción da participación dos inmigrantes extracomunitarios no desenvolvemento de actividades que promovan o coñecemento e respecto mútuo a través da coordinación coas distintas asociacións de inmigrantes con presenza no municipio.
- Apoio e reforzo escolar para menores en idade escolarizados e apoio formativo de adultos.

ACTUACIÓNS:**PARA INMIGRANTES EN SITUACIÓN REGULAR ADMINISTRATIVA:**

- Convalidación de titulacións e formación
- Legalización de documentos
- Dereitos e deberes
- Xustiza gratuíta
- Bolsa de aluguer
- Nacionalidade
- Separacións de fillos nados en España
- Renovación de documentación
- Emprego e formación
- Reagrupación familiar (informe de idoneidade da vivenda)
- Informe de arraigo social
- Recursos de reposición
- Renovación de empadramento
- Renovación de permisos
- Derivación a formación e emprego
- Derivación á unis de zona para tramitación de axudas económicas
- Derivacións a Ongs

PARA INMIGRANTES EN SITUACIÓN DE IRREGULARIDAD ADMINISTRATIVA:

- Asesoramento para regularización da súa situación
- Inscripción no padrón de habitantes
- Inscripción de fillos nados en España
- Asistencia sanitaria
- Formación e emprego
- Xustiza gratuita
- Informe arraigo social
- Legalización de documentos
- Derivacións a asociacións de inmigrantes, parroquias, Ongs, comedor social, fogar municipal do transeúnte,

2. EMIGRANTES RETORNADOS

- *Solicitud de axudas extraordinarias*
- *Información, asesoramento e derivación a recursos e servizos*

Contribuíese á súa regularización e integración socio-laboral e educativa da poboación emigrante retornada a través dunha atención en diferentes ámbitos (xurídico, social, laboral e educativo).

EQUIPO:

- Asesor Xurídico*
- Traballadora Social*
- Auxiliar Administrativo*
- Psicopedagogo*

3. PROGRAMA DE REFORZO ESCOLAR E FORMACIÓN DE ADULTOS PARA INMIGRANTES.

Esta actividade conta cun psicopedagogo, master en migracións, que ten como funcións:

- Promover unha mellora nas condicións da educación dos menores inmigrantes de infantil, primaria, ESO e bacharelato, a través da implicación dos pais e profesores.
- Reforzar os contidos a través do estímulo positivo e a instrución dos nenos nas distintas estratexias de estudo.
- Guiar aos nenos nas súas tarefas escolares diarias.
- Formar a adultos nas linguas galega e castelán, e axudalos na obtención do graduado escolar, bacharelato, competencias clave, celga, teórica de carnet de conducir, orientación vocacional,

ACTUACIÓNS:

- REFORZO ESCOLAR PARA INMIGRANTES EN ESCOLARIZACION OBRIGATORIA.
- REFORZO ESCOLAR PARA INMIGRANTES DE CARA A ORIENTACION VOCACIONAL E FORMACIÓN PROFESIONAL
- REFORZO ESCOLAR DE ADULTOS NAS LINGUAS GALEGA E CASTELÁ PARA INMIGRANTES
- NACIONALIDADE E ESFORZO DE INTEGRACION
- TEÓRICA DE CARNET DE CONDUCIR
- HABILIDADES SOCIAIS

INMIGRANTES:

PROGRAMA DE ATENCIÓN A INMIGRANTES Y EMIGRANTES RETORNADOS

Informes da Comunidade Autónoma e de Entidades Locais en procedementos de estranxeiría

O Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, establece a posibilidade de presentar catro tipos de informes, que son competencia das Comunidades Autónomas, aínda que en dous deles (arraigo e vivenda adecuada) poden establecer éstas que sexan emitidos polas Entidades Locais (como é o caso da CA de Galicia):

- Informe de esforzo de integración.
- Informe de arraigo.
- Informe sobre vivenda adecuada para tramitación de autorizacións de residencia por reagrupamento familiar.
- Informe de escolarización de menores.

Informe de esforzo de integración

Trátase dun informe que emite a Comunidade Autónoma, a solicitude dunha persoa estranxeira que desexa:

- Renovar a súa autorización de residencia temporal non lucrativa.
- Renovar a súa autorización de residencia temporal por reagrupamento familiar.
- Renovar a súa autorización de residencia temporal e traballo por conta propia ou allea.

Este informe non ten que presentarse obrigatoriamente, pero pode ser alegado pola persoa estranxeira **en caso de non acreditar o cumprimento de algún dos requisitos previstos para a renovación da autorización** e será tido en conta como información a valorar pola [oficina de estranxeiría](#).

Este informe solicítase na Comunidade Autónoma do seu lugar de residencia. Terá como **contido mínimo** a certificación, no seu caso, da participación activa da persoa estranxeira en accións formativas destinadas ao coñecemento e respecto dos valores constitucionais de España, os valores estatutarios da Comunidade Autónoma en que se resida, os valores da Unión Europea, os dereitos humanos, as liberdades públicas, a democracia, a tolerancia e a igualdade entre mulleres e homes, así como a aprendizaxe das linguas oficiais do lugar de residencia. Nese senso, a certificación fará expresa mención ao tempo de formación adicado aos ámbitos sinalado.

Informe de arraigo social

Un dos requisitos do arraigamento social é ter vínculos familiares con outros estranxeiros residentes ou, na súa falta, presentar un informe de arraigamento que acredite a súa integración social.

É dicir, debe acreditarse un deles, polo que se se teñen vínculos familiares con outros estranxeiros residentes, referidos aos cónxuxes ou parellas de feito rexistradas, ascendentes e descendentes

en liña directa, non será necesario solicitar o informe.

Serán necesarios ambos os documentos, con todo, unicamente, cando no informe se exima ao estranxeiro da necesidade de contar cun contrato de traballo a condición de que acredite que conta con medios de vida suficientes.

O informe é emitido polo Concello do seu lugar de residencia xa que así se estableceu na Comunidade Autónoma de Galicia. O prazo para a emisión do informe é de 30 días desde a data de solicitude.

No caso de que o informe no fora sido emitido en prazo, circunstancia que deberá ser debidamente acreditada pola persoa interesada, podrá xustificarse este requisito por calquera medio de prueba admitido en Derecho, incluíndo, polo menos, os datos mínimos do informe.

Entre outros factores de arraigamento, deberá constar no informe o tempo de permanencia do interesado no seu domicilio habitual, no que deberá estar empadroadado, os medios económicos cos que conte, os vínculos con familiares residentes en España e os esforzos de integración a través do seguimento de programas de inserción sociolaborais e culturais.

Informe sobre vivenda axeitada

Este informe deben presentalo as persoas estranxeiras que queiran solicitar unha autorización inicial de residencia temporal por reagrupación familiar ou ao renova-la, unicamente se modificaron o seu domicilio. Nestes procedementos esíxese ao solicitante que acredite, entre outras cousas, que conta cunha vivenda adecuada para atender as súas necesidades e as da súa familia. Para iso deberá solicitar un informe ao Concello do seu domicilio habitual.

O Concello deberá emitir o informe e notificarlo á persoa interesada no prazo máximo de trinta días desde que lle sexa solicitado. No caso de que o informe non fose emitido nese prazo, a disposición de vivenda adecuada poderá acreditarse por calquera outro medio de proba admitido en Dereito, acompañado da copia de solicitude do informe. O informe ou a documentación que se presente na súa substitución debe facer referencia, polo menos, aos seguintes extremos:

- Título que habilite para a ocupación da vivenda (vivenda en propiedade, contrato de aluguer, etc.)
- Número de habitacións, uso ao que se destina cada unha das dependencias da vivenda, número de persoas que a habitan e condicións de habitabilidade e equipamento.

Informe de escolarización de menores

O informe de escolarización de menores pode ser presentado polos estranxeiros que teñan en España menores ao seu cargo en idade de escolarización obrigatoria (de 6 a 16 anos) cando soliciten:

- A renovación dunha autorización de residencia.
- Unha residencia de longa duración.

modificación dunha situación de residencia por circunstancias excepcionais a unha situación de residencia ou de residencia e traballo ou a unha residencia con exceptuación da autorización de traballo.

□ O informe debe ser solicitado á autoridade competente na Comunidade Autónoma onde se atope escolarizado o menor a cargo.

Outra información de interese

[Acceso ao sistema educativo](#)

[Acceso á asistencia sanitaria.](#)

[Reagrupamento familiar.](#)

https://matiass.xunta.es/index.php?option=com_k2&view=item&id=316%3Aestranxeiros-r%C3%A9xime-xeral&Itemid=124

EMIGRANTES RETORNADOS:

1.- Subvenciones para promover o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas galegas retornadas na Comunidade Autónoma Galega.

Resolución do 7 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas. Procede a súa convocatoria con carácter anual.

Entidade:

Secretaría Xeral da Emigración

Obxecto:

Promover o retorno das persoas galegas retornadas a través do fomento do autoemprego e a actividade emprendedora das persoas galegas retornadas a comunidade autónoma galega, subvencionando os gastos que leva consigo o seu establecemento como traballadores/as autónomos/as ou por conta propia, ou como socios/as traballadores/as de sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado.

2.- Axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario.

Resolución de 15 de febrero de 2016, de la Secretaría Xeral da Emigración, pola que se

bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario. Procédese a súa convocatoria con carácter anual.

Entidade:

Secretaría Xeral da Emigración

Obxecto e finalidade das axudas:

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexirá a concesión de axudas dirixidas a personas emigrantes de nacionalidade española e de orixe galego residentes no exterior que carezcan dos recursos económicos necesarios para atender situacións sobrevidas de carácter extraordinario de emerxencia social, sanitaria ou asistencial, que precisen dunha actuación urxente, para evitar ou paliar situacións de necesidade ou exclusión social, así como as que teñan por obxecto sufragar os custos dos viaxes que teñan que realizar, por razóns de estas características.

3.- Axudas extraordinarias a personas emigrantes galegas retornadas.

Resolución de 15 de febrero de 2016, de la Secretaría Xeral da Emigración, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de las ayudas extraordinarias a personas emigrantes gallegas retornadas. Procede a súa convocatoria con carácter anual.

Entidade:

Secretaría Xeral da Emigración

Obxecto das Axudas: a concesión de axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas a personas emigrantes galegas retornadas para axudar a facer frente aos gastos extraordinarios derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- Axudas para emigrantes retornados do SEPE**4.1.- SUBSIDIO PARA EMIGRANTES RETORNADOS****Requisitos de esta axuda**

Ser traballador español emigrante retornado de países que non formen parte da Unión Europea, nin do Espacio Económico Europeo, Australia o Suiza.

Tampouco podería pedir esta axuda si regresa de cualquier outro país co que existan convenios polos que puidiera facer valer aquí as cotizacións por desemprego que fixo no extranxeiro.

Permanecer inscrito durante un mes como demandante de emprego.

Carecer de rentas, de cualquier naturaleza, superiores a 530,78 €/mes (tope vixente no 2017)

Haber traballado como mínimo 12 meses nos últimos seis anos desde a súa última saída de España, en países non pertencientes ao Espacio Económico Europeo, ou cous que non exista convenio sobre protección por desemprego.

Non ter dereito á prestación contributiva por desemprego por cotizacións que tivera acumuladas

anteriores a súa saída de España

4.2.- RENTA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI) PARA EMIGRANTES RETORNADOS

A RAI é unha axuda de carácter mensual que se concede durante 11 meses, renovable ata tres anos alternas.

Requisitos :

- Estar desempleado e inscrito como demandante de emprego.
- Ter entre 45 e 65 anos.
- Non ter ingresos propios superiores a 530,78 € mensuais (2017).
- Haber traballado a lo menos 6 meses no extranxeiro desde a última saída de España e ter retornado nos 12 meses anteriores á solicitude.
- Non haber sido beneficiario do Programa de Renta Activa de Inserción nos 365 días naturais anteriores á data de solicitude do dereito á admisión do programa, salvo no caso de vítima de violencia de xénero ou violencia doméstica e personas con discapacidade.
- Non ter sido beneficiario de tres Programas de Renta Activa de Inserción anteriores. A RAI pode cobrar como máximo tres anualidades.
- Non se exige levar inscrito como demandante de emprego 12 ou máis meses ininterrompidos.

Otra información de interés:

<http://emigracion.xunta.gal/es/actividad/linea-de-ayuda/subvenciones-promover-autoempleo-y-la-actividad-emprededora-las-personas-3>

<http://emigracion.xunta.gal/es/actividad/linea-de-ayuda/ayudas-emergencia-social-y-la-realizacion-viajes-razones-interes-social-4>

<http://emigracion.xunta.gal/es/actividad/linea-de-ayuda/ayudas-extraordinarias-personas-emigrantes-gallegas-retornadas-ano-2016>

http://www.ciudadaniaexterior.empleo.gob.es/es/horizontal/actuaciones/ayudas/ficha_ayudas-retornados.htm

<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2007-20274>

<http://www.citapreviainem.es/ayudas-a-emigrantes-retornados/>

RETORNO VOLUNTARIO

Programas de retorno voluntario a sus países de origen de inmigrantes residentes en España

Si é vostede un traballador de outra nacionalidade distinta á española, e se atopa en España e quere regresar ao seu país cobrando un pago único da prestación por desemprego: Os programas son os seguintes:

- Programa de retorno voluntario de atención social: Dirixido a inmigrantes extracomunitarios que se atopan en situación de especial vulnerabilidade contrastable a través dos Servicios Sociais

residencia o ONG especializada.

- Programa de retorno voluntario productivo: Dirixido a inmigrantes extracomunitarios non suxeitos á obrigaón de retornar que desexen emprender un proxecto empresarial asociado ao retorno.
- Programa de axudas complementarias ao abono acumulado e anticipado da prestación contributiva por desemprego a traballadores extranxeiros extracomunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de procedencia.

Outra información de interés:

Más información SEPE.

http://extranjeros.empleo.gob.es/es/Retorno_voluntario/

<http://www.spain.iom.int/sites/default/files/F%20SOLICITUD%20Atencion%20Social%202016.pdf>

DOCUMENTACIÓN DE INTERÉS:

INMIGRANTES:

1.- INSTANCIA DE SOLICITUD

2.- INFORME MODELO PARA SOLICITUD DE ARRAIGO SOCIAL

3.- DOCUMENTACION NECESARIA PARA A SÚA XESTIÓN

3.1.- DOCUMENTACION PARA ARRAIGO SOCIAL

3.2.- DOCUMENTACION PARA REAGRUPACION FAMILIAR

EMIGRANTES RETORNADOS:

1.- INSTANCIA DE SOLICITUD

2.- DOCUMENTACION NECESARIA PARA A SÚA XESTIÓN